

SEGURIDADE

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN  
MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## INFORME - PROPOSTA

### I.- Antecedentes:

Con motivo das Festas do Nadal 2025- 2026 , tiveron entrada a través do Rexistro Xeral, diferentes solicitudes de ampliación de horarios de peche dos locais de ocio, para as noites do 24 ao 25 de decembro, a noite do 31 de decembro ao 1 de xaneiro , e a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2025.

### II. Fundamentos legais:

#### **II.I.- Normativa aplicable.**

Lei 9/2013 do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Decreto 124/2019 polo que apróbase o Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas e establecementos abertos ao público da CCAA de Galicia.

ORDEN de 23 de outubro de 2020 (D.O.G de 30 de outubro de 2020), pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

#### **II.II.- Da súa aplicación**

O artigo 4.c) da Lei 10/17 establece que lle corresponde a consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeneral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

E o seu artigo 5.f) dispón que corresponde aos Concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeneral, atendendo aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orden de horarios prevista en el artigo 17.

O art. 17 da Lei di:

**1.** Mediante orden de la persona titular de la consejería competente en la materia, y previo informe de la Comisión de Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas de Galicia, se determinará el horario xeneral de apertura y cierre de los establecimientos abertos al público y de inicio y finalización de los espectáculos públicos y actividades recreativas.

**2.** La orden que determine los horarios de apertura y cierre de los establecimientos abertos al público y de inicio y finalización de los espectáculos públicos o actividades recreativas podrá establecer los criterios, supostos y circunstancias que permitan a los ayuntamientos autorizar, de forma motivada, ampliacións o reduccions sobre el horario xeneral.

O art. 9 da Orde de 23 de outubro de 2020 dispón:



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 19/12/2025 15:07           | Páxina 1 de 4 |
| 147089-210                                                                                                                                                                                       | CSV: A4A8DF-E9EEBF-CD815C-XN73MJ-4W4CMD-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

## Artículo 9 Ampliacións de horarios

1. Al amparo de lo disposto en el artículo 5.f) de la Ley 10/2017, de 27 de decembro los ayuntamientos poderán ampliar para todo su término municipal o para zonas concretas del mismo los horarios xerais de cierre de los establecimientos abiertos al público así como de finalización de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas, durante la celebración de las fiestas y verbenas populares, del Carnaval, de la Semana Santa y de la Nadal, facendo compatible, en todo caso, su desarrollo con la aplicación de las normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Los apuntamentos, mediante acordo del órgano competente, establecerán el número máximo de días naturais al año en que poderán ampliar los horarios de cierre de los establecimientos abiertos al público, de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas.

3. A efectos de esta orden, se entenderá por Carnaval el período comprendido entre el Jueves de Carnaval y el Miércoles de Ceniza, ambos incluídos, por Semana Santa el período comprendido entre el Domingo de Ramos y el Domingo de Resurrección, ambos incluídos, y por Nadal el período comprendido entre el 22 de decembre y el 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos los supostos anteriores, las ampliacións de horario no poderán superar, en ningún caso, en 2 horas los horarios xerais de cierre de los establecimientos abiertos al público, de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas.

5. Los ayuntamientos también poderán ampliar el horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas o excepcionais hasta un máximo de 2 horas.

A Orde de 20 de outubro de 2020 establece a potestade dos concellos para autorizar ampliacións dos horarios xerais para toda a cidade ou unha parte da mesma.

Horarios xerais son os que rixen para cada tipo de actividade, non para un o uns poucos establecementos.

En data 26/11/25 o Xerente de Urbanismo emite informe nos seguintes termos :

“ En resposta ás solicitudes recibidas nos últimos días relativas a ampliación de horario nos locais de ocio nocturno da cidade de Vigo con motivo da celebración nestes establecementos das noites de Fin de Ano e Reis, emítese o seguinte informe:

Segundo o disposto nos artigos 8 e 9 da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicada no DOG no219 de 30.10.2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos o público así coma o inicio e fin dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, os Concellos poderán, o amparo do artigo 5.f da lei 10/2017 de 27 de decembro, ampliar para todo o seu termo municipal ou para zoas concretas do mesmo, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos o público durante a celebración de festas e verbenas populares. Dita ampliación, en aplicación do artigo 9.4 da citada orde, será de un máximo de dous horas e deberá resultar compatible, en todo caso, coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Coa finalidade de dar unha resposta unitaria e conxunta as solicitudes presentadas e as que puideran achegarse nos vindeiros días, dende o punto de vista urbanístico, nada impide que os establecementos de ocio e actividades recreativas abertos o público do noso Concello que contan con título habilitante para o exercicio da actividade, amplíen en dúas horas o horario no interior dos mesmos as noites do 31/12/2025 ao 01/01/2026 e do 05/01/2026 ao 06/01/2026 sen prexuízo da competencia que puidera corresponder a outros departamentos deste Concello.

Asemade, terase en conta o disposto no art 3.4 da citada Orde, e cando coincidan o horario especial de peche e o tempo máximo de desaloxo xunto coa ampliación de 2 horas autorizada polo concello e non sexa posible compatibilizar o peche e a apertura seguinte, o establecemento deberá, en todo caso, retrasar o horario xeral de apertura que lle corresponda durante o tempo necesario para que transcorra un período mínimo de 4 horas.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 19/12/2025 15:07

Páxina 2 de 4

147089-210

CSV: A4A8DF-E9EEBF-CD815C-XN73MJ-4W4CMD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo exposto, formúlase a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

**“PRIMEIRO.- AUTORIZAR** en todo o termo municipal e para todos os establecementos das actividades suxeitas ao Catálogo do Decreto 124/2019 e clasificados como Establecementos de restauración (Anexo III.2.5), Establecementos de ocio e entretemento (Anexo III.2.7), a ampliación excepcional por **dúas horas** dos seus horarios de peche as noites **24 de decembro ao 25 de decembro, do 31 de decembro ao 1 de xaneiro de 2026, e do 5 ao 6 de xaneiro de 2026.**

A presente autorización implica a observancia do disposto na Orde de 23 de outubro de 2020 (D.O.G. de 30 de outubro de 2020).

**SEGUNDO.-** Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (art. 45 da Lei 39/15 do Procedemento administrativo común das administracións Públicas), coa advertencia de que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 114.1. c) da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións Públicas e no art. 52.2 b) da Lei 7/1985 de bases do réxime local. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

**TERCEIRO.-** Publíquese así mesmo a presente Resolución na sede web do Concello de Vigo (arts. 38 e 39 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público).”

AVM/jca

O xefe de Área

Antonio Vivero Mijares

(Data, segundo consta á marxe deste documento, subscrito mediante sinatura electrónica).

### **DECRETO:**

Vista a proposta que antecede, resolvo consonte á mesma.

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

(Data, segundo consta á marxe deste documento, subscrito mediante sinatura electrónica)

Dou fe



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 19/12/2025 15:07           | Páxina 3 de 4 |
| 147089-210                                                                                                                                                                                       | CSV: A4A8DF-E9EEBF-CD815C-XN73MJ-4W4CMD-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

A secretaria de Goberno Local



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 19/12/2025 15:07           | Páxina 4 de 4 |
| 147089-210                                                                                                                                                                                       | CSV: A4A8DF-E9EEBF-CD815C-XN73MJ-4W4CMD-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |